UNIDADE 2. RESUMO

Recorda

- *Para usar mellor o dicionario é necesario coñecer a orde alfabética do grego e a gramática básica.*
- *Convén coñecer as abreviaturas e formas de presentación.*
- *Debemos dar ás palabras as traducións correspondentes ao contexto que aparece no noso texto.*
- *Pode haber lemas dobres que indiquen variantes fonéticas ou morfolóxicas da mesma palabra e lemas que remitan a outros lemas.*
- *As acepcións clasifícanse con diversos criterios, un deles é o das diferenzas morfolóxicas (de xénero, de número ou de voz).*
- *As acepcións clasifícanse tamén segundo o contexto, que pode ser gramatical, semántico, ou cultural.*
- *Ao elixir os sentidos do dicionario hai que atender ás indicacións de contexto que dan os artigos.*
- *LEMBRA QUE Á HORA DE BUSCAR NO DICIONARIO CÓMPRE SEGUIR A ORDE SEGUINTE:*

- *Busca só cando identifiques as formas e as funcións das palabras da frase.*
- *Non deas ningún significado por seguro ata que non remates de traducir a frase.*
- *Unha vez lido o texto, fíxate no tema de que trata.*
- *Selecciona, ao principio, os sentidos máis xerais.*
- *Busca primeiro o suxeito e o complemento e, sen perdelos, busca entón o verbo.*

GREGO II Unidade 2. Resumo